

Actividades. Cantigas de Amor

Actividade 1

Señor, en tan grave día.
vos vi que non podería
máis; e por Santa María
que vos fez¹ tan mesurada²,
doédevos algún día
de min, señor ben tallada³.

Pois sempre ha en vós mesura,
e todo ben e cordura,
que Deus fez en vós feitura
cual non fez en muller nada,
doédevos por mesura
de min, señor ben tallada.

E, por Deus, señor, tomade
mesura, por gran bondade
que vos El deu, e catade⁴
cual vida vivo coitada
e algún doo tomade⁵
de min, señor ben tallada.

Don Dinís

¹fez: fixo; ²mesurada: sensata;
³tallada: feita, fermosa;
⁴catade: observade;
⁵doo tomade: tede dó, compaixón.

1. Que virtudes ten a dama á que canta o trobador?
2. Cales son físicas e cales morais? Cal destaca sobre todas?
3. Segundo o poeta, a quen debe a dama a súa mesura? E a súa bondade?
4. Que lle pide o poeta á súa amada?
5. Cantas estrofas ten o poema?
6. Cantos versos ten cada estrofa?
7. Hai refrán na cantiga? Cal é?
8. É unha cantiga de mestría?
9. Como xustificamos que é unha cantiga de amor e non de amigo?

Actividade 2

A

Estes meus olhos nunca perderán,
senhor, gran coita, mentr'eu vivo for;
e direi-vos, fremosa mia senhor,
destes meus olhos a coita que han:
choran e cegan, quand'alguen non veen,
e ora cegan por alguen que veen [...]

Xoán García de Guillade

B

Per bõa fé, fremosa mia senhor,
sei eu ca mais fremoso parecer
vos fez Deus, e mais fremoso falar
de quantas outras donas quis fazer.
E al vos fez que vos agora direi:
fez-vos mais mansa e de mui melhor
dõair'e melhor talhada seer [...]

Vasco Fernández Praga de

C

Tan muito vos am'eu, senhor,
que nunca tant'amou senhor
home que fosse nado [...]
Pero da Ponte

E

Amigos, non poss'eu negar
a gran coita que d'amor ei,
ca me vejo sandeu andar,
e con sandece o direi:
os olhos verdes que eu vi
me fazen ora andar assi.
Xoán García de Guillade

D

Pois que m'ei ora d'alongar
de mia senhor, que quero ben
e que me faz perder o sen,
quando m'ouuer d'el'a quitar,
darei, quando me lh'espedir:
de bon grado queria hir
logo e nunca mais viir [...]
Afonso X o Sabio

F

Falei n'outro dia con mia senhor
E dixe-ll'o mui grand'amor que ll'ei
E quantas coitas por ela levei
E quant'afan soffro por seu amor.
Foi sañuda e nunc'a tanto vi:
E foi-se e sol non quis catar por mi,
E nunca mais con ela falei.[...]
Airas Núñez

1. Indica xustificadamente que temáticas propias da cantiga de amor aparecen nestes fragmentos.
2. Explica o sentido de cada un dos fragmentos das cantigas. Que é o que nos queren dicir?
3. Polo que respecta á estratificación do amor, en que grao se atopa o trobador nos fragmentos A, B, C, E.
4. Quen son os interlocutores nos fragmentos A, B, C, E.

Actividade 3

Quer' eu en maneira de proençal¹
facer agora un cantar d' amor,
e querei muit' i² loar mia señor,
á que prez nen fremosura non fal³,
nen bondade; e máis vos direi én⁴:
tanto a fez Deus comprida de ben⁵
que máis que tódaslas do mundo val.

Ca mia señor quixo Deus facer tal,
quando a fez, que a fez sabedor
de todo ben e de mui gran valor,
e con tod' esto é mui comunal⁶
alí u deve; er deu-lli bon sen,⁷
e des i⁸ non lli fez pouco de ben
quando non quis que ll' outra foss' igual.

Ca en mia señor nunca Deus pos mal,
mais pos i prez e beldad' e loor,
e falar mui ben, e riir mellor
que outra moller; des i é leal
muit', e por esto non sei hoj' eu quen
possa compridamente no seu ben
falar, ca non ha, tralo seu ben, al⁹.

Don Dinís

¹ **proençal**: provenzal; ² **i**: nel; ³ **prez nen fremosura non fal**: non lle falta honra nin fremosura; ⁴ **e máis vos direi én**: e máis vos direi dela; ⁵ **comprida de ben**: chea de calidades; ⁶ **comunal**: social; ⁷ **er deu-lli bon sen**: tamén lle deu bo entendemento, xuízo; ⁸ **des i**: polo tanto; ⁹ **ca non ha, tralo seu ben, al**: que non hai outra cousa máis importante ca ela.

1. A que se refire o poeta nos dous primeiros versos da cantiga? Explicao.
2. Resume o contido da cantiga
3. Como se describe a dama?
4. Que palabras se refiren á súa beleza? E ás súas virtudes morais?
5. Cal é o tema da cantiga?
6. Xustifica por que é unha cantiga de amor.
7. No penúltimo verso de cada estrofa repítese a palabra “*ben*”. Como se denomina este recurso estilístico? En que consiste? Por que cres que repite precisamente esta palabra?
8. Que recurso se produce entre o primeiro verso da 2ª estrofa e o primeiro verso da 3ª estrofa?
9. Por que decidiu por facer unha cantiga de mestría e non de refrán?

Actividade 4

A

Muitos me veen preguntar,
 senhor, que lhis diga eu quen
 est’a dona que quero ben
 e con pavor de vos pesar
 non lhis ouso dicir per ren,
 senhor, que vos eu quero ben[...]
Pero d’Armea

B

Sempr’eu, mia senhor, desejei
 mais que al, e desejarei
 vosso ben que mui servid’ei
 mais non con asperança
 d’aver de vos ben; ca ben sei
 que nunca de vós averei
 se non mal e viltança. [...]
Don Dinís

C

Muitos dicen con gran coita d’ amor
 que querrían morrer e que assí
 perderían coitas; mais eu de mi
 quero dizer verdad’ a mia señor:
 quería-me-ll’ eu mui gran ben querer,
 mais non quería por ela morrer,
 como outros morreron; e, que prol¹ ten?
 Ca² des que morrer non a veerei
 nen bõo serviço nunca lli farei.
 Por end’³, a señor que eu quero ben
 quería-me-ll’ eu mui gran ben querer,

como outros morreron no mundo ja,
 que depois nunca poderon servir
 has por que morreron, nen lli pedir
 ren⁴. Por end’, esta que m’ estas coitas dá
 quería-me-ll’ eu mui gran ben querer,
 mais non quería por ela morrer,
 ca nunca lli tan ben posso fazer
 serviço morto, como se viver.
Pai Soárez de Taveirós

¹ prol: beneficio; ² ca: que, porque;
³ por end’: por iso; ⁴ ren: nada.

D

Se eu podesse desamar
 a que me sempre dessamou,
 e podess'algun mal buscar
 a quen me sempre mal buscou!
 Assi me vingaria eu,
 se eu podesse coita dar
 a quen me sempre coita deu

Pero da Ponte

E

Pero que eu mais long'estou
 de mia senhor e do seu ben
 nunca me de Deus o seu ben
 pero m'eu dela long'estou

Don Dinís

F

Pero tal coita ei d'amor¹
 que maior non pod'om'aver,
 non moiro nen hei en sabor²,
 nen morrerei, a meu poder³,
 porque sempr'atend'aver ben⁴
 da dona que quero gran ben.

E os que mui coitados son
 d'amor, desexan a morrer,
 mais eu, assí Deus mi pardon,
 quería gran sazón viver,
 porque sempr'atend'aver ben
 da dona que quero gran ben.

Mal sen é per-desasperar
 ome de mui gran ben aver⁵
 de sa senhor, que lhi Deus dar
 pod', e non o quer'eu fazer,
 porque sempr'atend'aver ben
 da dona que quero gran ben.

E quen deseja mort'aver
 por coita d'amor non faz sen,
 nen o tenh'eu por de bon sen.

Joan Airas de Santiago

¹: Aínda que teño unha coita de amor tan grande

²: Nin morro nin teño desexo de morrer

³: Pola miña vontade (non morrerei)...

⁴: Porque espero obter o amor

⁵: Non obran con sentido común aqueles que se desesperan por conseguir o amor

1. Busca os recursos de estilo que aparecen nas cantigas e nos fragmentos de cantigas anteriores.

2. En cal das cantigas anteriores aparece un preámbulo en forma de interpelación? Sinálao en cada caso.

3. Explica cal é o sentido dos versos 1 ao 4 da 3ª estrofa da cantiga C. Que relación ten a palabra *servir* con respecto á sociedade feudal?

Actividade 5

A dona que eu am'e tenho por senhor
amostrade-mi-a, Deus, se vos em prazer for,
se nom dade-mi-a morte.

A que tenh'eu por lume d'estes olhos meus
e por que choram sempre, amostrade-mi-a, Deus,
se nom dade-mi-a morte.

Essa que vós fezeistes melhor parecer
de quantas sei, ai Deus!, fazed-mi-a veer,
se nom dade-mi-a morte.

Ai, Deus! qui mi-a fezeistes mais ca mim amar,
mostrade-mi-a u possa com ela falar,
se nom dade-mi-a morte.

Bernal de Bonaval

1. En que grao do amor se atopa o trovador nesta cantiga?
2. Cales son as perífrases que usa o poeta para referirse á amada?
3. Explica a metáfora presente no primeiro verso da 2ª estrofa
4. Cal é a temática da cantiga? Xustifica a resposta
5. É cantiga de refrán ou de mestría?
6. Fai o cómputo silábico e o esquema de rima da 1ª estrofa.
7. Aparece preámbulo? Xustifica a resposta
8. Hai interlocutor. En caso afirmativo sinala quen é.
9. Analiza brevemente o personaxe masculino da cantiga.